

Boimorto a 25 de outubro de 2021

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE AS ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR E SORTEO DE MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

Estimados membros da comunidade educativa:

Ao longo do mes de novembro, os centros educativos non universitarios de Galicia sostidos con fondos públicos, van desenvolver o proceso de elección e renovación de membros dos CONSELLOS ESCOLARES (Resolución do 20 de setembro de 2021).

O Consello Escolar permite a participación dos diferentes estamentos nas decisións que afectan aos aspectos máis relevantes do centro, como son a planificación de actividades anuais, admisión de alumnado, medidas para facilitar a convivencia, e todos aqueles aspectos que contribúan a unha mellor calidade educativa. Alumnado, nais e pais, persoal de administración e servizos e profesorado participan neste órgano de Goberno e, polo tanto, é de suma importancia a súa participación neste proceso electoral. Por todo isto, dende o centro animámoslles a participar, presentando candidaturas e votando na data sinalada a tal fin, porque estamos convencidos de que a calidade educativa só se potencia se todos participamos na xestión dos centros.

Segundo o artigo 11º.1. do Decreto 7/1999 do 7 de xaneiro: **“A condición de membro electo adquirese por catro anos, Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 serán nomeados por un período de tres cursos escolares.** Renovándose a metade dos membros de cada sector cada dous anos, sen prexuízo de cubrir as vacantes que se produzan. Neste último suposto, a condición de membro electo estenderase ata a data de finalización prevista para o mandato do membro substituído.”

O artigo 11º.2 do Decreto 7/1999 establece que: “A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que estará integrada polo **director do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai de alumno ou titor legal**, ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do menor, **un representante do persoal de administración e servizos, e un alumno ou alumna da educación secundaria obrigatoria; designados os catro últimos por sorteo público** no que se preverá a designación de membros suplentes.”

O **sorteo público** para a designación dos **membros** titulares e suplentes da **Xunta Electoral** terá lugar o mércores día **27 de outubro de 2021** no comedor do centro ás **12:30 horas**. A **Xunta Electoral** constituirase o venres día 5 de novembro. As eleccións dos representantes dos distintos sectores, celebraranse **entre o 22 e o 26 de novembro**, na data que fixe a citada Xunta Electoral.

Reciban un cordial saúdo do equipo directivo.